

Viaxes e construción do pensamento.
Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936

[cursos_congresos_simposios](#)



Índice

Carme Fernández Pérez-Sanjulián	
Introdución	7
Xosé Somoza Medina	
Lugares, paisaxes e territorios convertidos en palabras. Páxinas de encontro entre literatura, xeografía e turismo	15
María López Sánchez	
A viaxe inacabada da literatura de viaxes: paradoxos, cuestionamento e transformacións dun xénero	29
Carlos Velasco Souto	
Literatura de Viagens e aprendizagem do <i>outro</i>	43
María Pilar García Negro	
A experiencia da viaxe e o intelectual de preguerra	57
Pablo Gallego Picard	
Viaxe, paisaxe e memoria: <i>Unha Viaxe por... 1929-2009</i>	77
Ricardo Gurriarán	
As viaxes científicas e a súa achega para a construción do pensamento en Galicia	93
Kathleen March	
A Galiza dos séculos XIX e XX: A ollada anglosaxona	127
Manuel Forcadela	
A representación de Galicia en Ruth Mathilda Anderson	147
Anxo Angueira	
A descuberta do país a través dos textos literarios	167

Francisco Salinas Portugal	
A experiencia da viaxe e a viaxe como experiencia literaria	179
Alberto Allegue Leira	
Catro escollos para escribir <i>Pelerinaxes I</i>	189
José M ^a Eguileta Franco	
Turistas, viaxeiros, investigadores e identidades	201
Bieito Alonso Fernández	
A imaxe de Galiza na emigración	213
Uxío-Breogán Diéguez Cequiel	
A visión da Galiza desde a emigración: entre a cuestión nacional e a asimilación identitaria a través de <i>Galicia Moderna, Centro Gallego e Terra (1885-1923)</i>	225
Camiño Noia	
A viaxe de estudos de Castelao a Europa	237
Luís Martínez-Risco Daviña	
Lecturas dunha viaxe á Alemaña	251
Arturo Casas	
Abstracción e mito. Traxectos de Rafael Dieste por tres continentes e dúas guerras (1917-1936)	257
Marga Romero Pousa	
Viaxar para aprender. Os novos e a súa formación: Lois Tobío	277
Xose Ramón Pousa	
Augusto Assía: un xornalista viaxado	295

Introdución

No presente libro publícanse os artigos resultantes das ponencias e os debates que, con motivo do curso de verán *Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*, coorganizado pola Universidade da Coruña e a Fundación Vicente Risco, se desenvolveron en Ourense do día 13 ao 16 de setembro de 2010.

Con este curso, desenvolvido baixo a dirección de Carme Fernández Pérez-Sanjulián e Luis Martínez-Risco, pretendeuse realizar un primeiro contributo á análise da importancia que as viaxes, tanto as interiores como aquelas realizadas por fóra do noso país, tiveron na formación das elites intelectuais galegas de preguerra e, ao mesmo tempo, estudar o papel que esas viaxes desempeñaron na construción do discurso identitario elaborado na Galiza no primeiro terzo do século XX.

Así, os obxectivos que se pretenderon acadar con este curso foron:

1. Examinar e analizar o discurso elaborado a partir do tema da viaxe na produción cultural galega do denominado Segundo Renacemento (literatura, arte, ciencias sociais etc).
2. Estudar as concrecións textuais que tal escolla determinou: relatos de viaxes, diarios, crónicas, ensaios, onde se recollen xeiras de traballo (etnográfico, musicolóxico, arqueolóxico, xeográfico...), guías de viaxe etc.
3. Aproximarse aos significados simbólicos e proxectivos da viaxe, así como á súa utilización nos textos de carácter claramente literario.

4. Interpretar a súa determinación na configuración do panorama artístico galego de preguerra, idade de ouro das letras e das artes plásticas.
5. Estudar a influencia deste motivo na elaboración do discurso identitario galego.

É importante subliñar cales foron as razóns que nos levaron a pór o foco nas primeiras décadas do século XX á hora de organizarmos o programa dun curso que se ía centrar na análise da relevancia que tiveran as experiencias viaxeiras e, sobre todo, na literatura de viaxes sobre Galiza ou producida na propia Galiza.

Ante todo, interesábanos moi especialmente ese período por mor da enorme actividade literaria e doutrinal que o caracterizou, realizada desde variadas instancias tanto ideolóxicas como culturais ou sociais, mais entre as cales, sen dúbida, o galeguismo mantivo un singular protagonismo. Esta circunstancia levou a que a nosa atención se centrase moi especialmente na pescuda de cales foran as relacións entre o discurso-experiencia sobre viaxes e o discurso identitario na Galiza do primeiro terzo do século XX.

Como xa se ten dito de modo repetido, durante esta etapa os intelectuais ligados ás Irmandades da Fala, primeiro, e ao movemento galeguista, despois, desenvolveron todo un proxecto normalizador en diversos campos (teatro, narrativa, ensaio, estudos científicos relacionados coa Galiza, xornalismo...), mais, sobre todo e como elemento previo, elaboraron un discurso dirixido ao que se ten dado en chamar «ideación nacionalitaria» do noso país. Neste sentido son moitos os textos ensaísticos desta época en que os autores insisten na necesidade de consolidaren un pensamento propio ou, sobre todo, de construíren a idea de nación (ou a vontade nacional, en palabras de Vicente Risco).

Este tipo de discursos foi exposto fundamentalmente en ensaios ou nos textos xornalísticos de carácter máis claramente doutrinario. Porén, cómpre non esquecer que os autores das Irmandades e de *Nós* consideraron a narrativa, especialmente a prosa de ficción, mais non só, como un dos vehículos máis acaídos para faceren chegar esas mensaxes tan claramente ideolóxicas a máis amplas capas da poboación. Así, desde moi cedo, os autores van tomar conciencia do feito de seren os xéneros narrativos un vehículo privilexiado mediante o cal se poden explicitar as ideas que permiten a afirmación da existencia da nación e, xa que logo, a súa extensión ao maior número de destinatarios posíbeis. Neste contexto resulta doado intuír cales eran as razóns que levaron estes autores ao cultivo de xéneros compósitos, mestura de prosa ficcional e ensaio (ás veces, de difícil adscripción xenérica), na procura dunha permeabilidade

entre o discurso narrativo e ensaístico que, desde o noso punto de vista, ten moito que ver co afán didáctico que subxace nunha grande parte da literatura deste época. Unha vontade pedagóxica que, cómpre lembrar, non foi exclusiva do espazo cultural galego senón común a todos os contextos de literaturas emerxentes onde a función didáctica e as necesidades pedagóxicas aparecen intimamente mesturadas cos procesos de autonomización do discurso literario.

Este é o marco onde, ao noso xuízo, hai que incluír o interese pola *literatura de viaxes*, un xénero que, como foi dito, aínda que se aproxima á prosa de ficción, presenta tamén moitas das características do ensaio (ambos os xéneros preferidos polos autores desta época) e que, xustamente por esta duplicidade xenérica, permite desenvolver doadamente determinados núcleos temáticos a través dos cales se expoñen certos aspectos básicos do proceso de construción nacional de maneira, teoricamente, máis accesíbel para un público amplo.

Paralelamente, á beira destes textos que se poden inserir na literatura de viaxes, ao longo da produción literaria da época (especialmente da narrativa), verificamos que os mesmos autores recorren unha e outra vez ao *topos* da viaxe, incorporándoo ao seu discurso literario cun valor, coidamos, non moi diferente do expresado nos textos xa descritos. Os textos deste tempo están inzados de viaxes iniciáticas ou de peregrinación, de percursos polo propio país ou por fóra del que serven para transformaren o protagonista ou, simplemente, para o dotaren de coñecementos novos (entre eles, a descuberta da propia Galiza e da súa historia interna). Son viaxes ficcionais que, coidamos, vehiculizan o mesmo discurso ideolóxico que aqueloutras en que centramos a nosa análise.

Na nosa opinión, o estudo comparativo destes dous grupos de textos, aínda por facer, pode resultar de enorme utilidade para analizar como se concretaron na produción literaria dese tempo, as ideas, temas ou, mesmo, propostas ideolóxicas que as elites culturais da época pretenderon consolidar como referentes para a creación dunha conciencia colectiva. Ao mesmo tempo, esta análise pode resultar moi esclarecedora, tamén, para estudar o funcionamento dun proceso de emerxencia literaria concreto, obviamente interconectado co proceso de construción nacional que, con todo o entusiasmo e brillantez, se estaba a desenvolver na Galiza das primeiras décadas do século XX.

Esta foi, pois, a hipótese de partida que orientou a organización do curso, así como moitos dos debates que se desenvolveron durante as sesións, e que agora, complementada cos contributos das e dos profesores participantes, se presenta de novo coa vontade de a submeter á reflexión entre un público máis amplo.

En concreto, os traballos aquí reunidos inícianse con aqueles que, orientados desde un punto de vista interdisciplinar e concibidos como unha sorte de introdución ao tema central do curso, representan un primeiro achegamento ao concepto (complexo e polisémico de seu) de literatura de viaxes na época contemporánea. Así, Xosé Somoza Medina, reflexiona sobre as interseccións entre literatura e xeografía, ao tempo que sinala como o turismo, a través das guías turísticas literarias e do turismo literario, participa delas dun xeito novo. A seguir, María López Sández, desde a perspectiva da teoría da literatura, introdúcenos na problemática delimitación do concepto 'literatura de viaxes', ao tempo que contextualiza a incorporación do xénero de viaxes ao repertorio da literatura galega da época Nós. Neste sentido, analiza con especial atención as achegas das teorías poscoloniais, con todo o que supuxeron de cuestionamento e desactivación do xénero. Pola súa parte, Carlos F. Velasco Souto complementa esta visión desde o punto de vista do historiador cultural e pon o acento no interese do nacionalismo galego do primeiro terzo do século XX en construír un discurso alternativo focando na viaxe como aprendizaxe a partir do coñecemento intercultural.

Entrando xa na análise do contexto cultural e ideolóxico na Galiza de preguerra, María Pilar García Negro reflexiona sobre a experiencia e a visión que os propios intelectuais daquel tempo tiñan do concepto viaxe e, así, a partir da distinción entre viaxe masivo-forzosa (a emigración) e viaxe voluntario-propositada (a da minoría intelectual do tempo), establece que o punto de encontro será a viaxe centrípeta, de volta ao país, para o considerar centro e destino da obra realizada. Na súa opinión, unha boa parte da obra de Risco, Castelao ou Otero Pedrayo serían exemplos senlleiros desta anagnórise. Pablo Gallego Picard, a partir da exéxese do documental de 1929 *Un Viaje por Galicia* do fotógrafo Pedro Alonso, desenvolve a idea de que a viaxe como traxecto voluntario iniciático, a paisaxe como elemento afeito a ser xulgado esteticamente e a memoria, como vertebradora das dúas na obtención dunha conciencia xeográfica propia, se converten en elementos de reflexión dunha procura de identidade entre unha determinada xeografía conservada en branco e negro e un territorio presente cheo de contradicións. Para completar a caracterización do universo cultural anterior a 1936, Ricardo Gurriarán fornécenos unha pormenorizada e documentada achega que nos permite observar o importante papel que, como axentes transmisores de modernidade, tiveron os científicos que traballaron nas disciplinas das ciencias experimentais na Galiza. As súas viaxes ao estranxeiro, en grande medida favorecidas pola aparición dun programa de política científica a principios do século XX, foron un elo máis da cadea da construción do pensamento que se deu no país antes da Guerra Civil.

Por outra parte, e antes de nos centrarmos propiamente nas olladas galegas sobre o territorio propio, resulta tamén imprescindible para contextualizar axeitadamente este tema, deternos a revisar cal foi o discurso que se foi construído sobre Galiza a través dos discursos de escritores/as e viaxeiros/as que visitaron o país a finais do século XIX e inicios do XX. A modo de exemplo desas olladas foráneas, Kathleen March comenta no seu artigo os relativamente numerosos textos publicados por viaxeiras anglosaxoas que percorreron o territorio nesta etapa (C. G. Hartley, K. L. Bates, G. King, J. Leck, R. M. Anderson ou A. Meakin). Manuel Forcadela complementa esta revisión do ollar do Outro coa análise demorada da colección de fotografías que Ruth Matilda Anderson tira durante os seus percursos de 1924 e 1925; no seu artigo tenta dar algunhas claves para a descrición desa ollada, tendo en conta non só o obxecto que se mira senón tamén o suxeito que olla.

Caracterizado o contexto ideolóxico, cultural e literario, e seguindo sempre o esquema do curso que deu orixe a este volume, o seguinte grupo de artigos céntrase xa de modo máis concreto na análise da representación literaria que tivo entre o nós o proceso do que ten dado en denominar «descuberta» ou, utilizando a terminoloxía tan cara a Otero Pedrayo, de desvelamento do país. Neste sentido, Anxo Angueira diseña un percurso a través da nosa literatura do que conclúe que, por unha parte, a paisaxe foi utilizada desde o Rexurdimento cun valor dignificador e, por outra, que o feito de que moitos autores asocien a súa poética literaria a un espazo concreto continúa a funcionar como motor de descuberta das múltiples realidades (culturais, políticas, sociais...) da Galiza. Francisco Salinas, partindo da viaxe como paradigma literario, desenvolve a análise de dúas obras: *Arredor de si* de Otero Pedrayo e o relato curto «Dedalus en Compostela» de Vicente Risco. Na súa opinión, a viaxe é para estes autores un método de coñecemento do país, un instrumento de configuración do territorio e, finalmente, un método de descubrimento e de construción da nación. Por súa vez, Alberto Allegue Leira expón no seu artigo a xénese e as motivacións, tanto ideolóxicas como estéticas, que orientaron a elaboración de *Pelerinaxes I* de Ramón Otero Pedrayo, texto que pode ser considerado o mellor exemplo de literatura de viaxes feita en galego durante esa etapa.

Como xa se sinalou, e de modo coherente con esa visión multidisciplinar da cultura que foi característica definitoria da intelectualidade galega deste tempo, cómpre lembrar que non foi só a literatura o marco de afirmación da singularidade cultural. Outros discursos científicos colaboraron na idea tan repetida entre a xeración Nós da necesidade de desvendamento do país e de aí o interese pola pesquisa etnográfica, musical ou, moi especialmente, pola arqueolóxica, tal e como sinala José M^a Eguileta, que reflexiona no seu artigo non só sobre o evidente valor identitario do patrimonio

arqueolóxico, senón tamén sobre o seu valor, para os visitantes, como posíbel elemento referencial de alteridade xunto con outros aparentemente máis visíbeis (como o idioma, a paisaxe, a gastronomía...).

E ao mesmo tempo que se vai elaborando este discurso sobre o propio país desde dentro, outra imaxe de Galiza, tamén construída, coexiste noutros espazos. Por exemplo, en América, onde, como é sabido, a enorme masa de emigrantes que chegou entre finais do século XIX e principios do XX contribuíu para reformular todo un catálogo de imaxes do país entre as colectividades galegas emigrantes. Afondando nesta liña, Bieito Alonso estuda como algunhas desas imaxes se alimentaron de estereotipos e tópicos (emitidas basicamente polos grupos máis evoluídos económica e culturalmente) fronte a outras, moito máis realistas e acedas, desenvolvidas polos sectores sociais e humanos máis desfavorecidos (o proletariado, as mulleres...); sinala tamén como a cabalo de ambas as dúas, apareceron as imaxes máis ideoloxizadas, patrocinadas fundamentalmente polos grupos vinculados ao galeguismo e/ou ao nacionalismo. Proseguindo con este tema, Uxío-Breogán Diéguez aproveita que a prensa do tecido societario galego de alén-mar é unha das fontes que permiten coñecer de preto a urdime organizativa da comunidade galega expatriada e, a través das publicacións periódicas *Galicia Moderna*, *Centro Gallego* e *Terra*, completa a análise da visión que da Galiza tiñan as nosas e nosos emigrados.

A seguir, a derradeira parte do volume recolle unha serie de artigos que se centran na análise da experiencia viaxeira ao estranxeiro ou, mesmo, no comentario dalgúns dos textos referidos ás viaxes de varios dos protagonistas desta época. Camiño Noia abre esta sección cunha achega á viaxe de estudos por Europa que Castelao realiza en 1921; nela presta especial atención tanto ás circunstancias en que Castelao realiza a estadía, como as que rodearon a publicación do seu *Diario 1921*. A seguir, Luís Martínez-Risco, a partir das experiencias da viaxe narrada por Vicente Risco nos artigos da serie «Mitteleuropa», fornece algunhas claves que permiten comprender tanto o pensamento dou autor, como o contexto ideolóxico en que se moveu.

Tras a análise dos textos destes escritores centrais do sistema galego de preguerra, tres autores ben diferentes protagonizan os últimos artigos do libro, diferentes por idade e, tamén, mesmos entre eles, por posicionamento ideolóxico e estético: Rafael Dieste, Lois Tobío e Felipe Fernández Armesto. En primeiro lugar Arturo Casas sinala que, a pesar de ser o de Rianxo un dos escritores que máis viaxou da súa xeración, non se dá un correlato directo entre as experiencias da viaxe e o mundo referido na produción textual. Con todo, afirma que, se ben Dieste non relatou directamente estes periplos e regresos, si os integrou na súa obra literaria mediante o recurso ao mito e a diversos

procedementos de abstracción formal, cun operativo temático-tropolóxico que puxo en práctica con especial rendemento n' *A fiestra valdeira* a propósito de certos debates estéticos, culturais e sociais en que participou en primeira liña nos anos 20. Marga Romero reflexiona sobre o papel fundamental que as viaxes por Europa, nomeadamente a Alemaña, tiveron na vida e na conformación do pensamento de Lois Tobío, ao tempo que analiza o seu reflexo nas *Décadas de T. L.*, o libro autobiográfico deste autor. Por fin, Xose Ramón Pousa, o derradeiro colaborador do volume, fai un percorrido pola traxectoria vital de Felipe Fernández Armesto –*Augusto Assía*– e polos seus múltiples destinos como correspondente de prensa. Para alén de subliñar a súa complexa personalidade, considéranos non só unha figura esencial dentro do xornalismo do século XX senón, mesmo, un referente no ámbito do xornalismo de opinión.

En fin, como xa se dixo, as conferencias e os posteriores debates que se desenvolveron durante o curso permitiron, tanto aos/ás relatores/as como ao público asistente, realizaren unha reflexión sobre a especial relevancia que tivo o fenómeno das viaxes (e os textos que sobre elas se escribiron) na Galiza do primeiro terzo do século XX e a súa relación co proceso de conformación da identidade que se produciu daquela no noso país. Agora, revisados e enriquecidos os textos, congratulámonos de poder lanzar ao público este volume que, esperamos, contribúa para estender a reflexión sobre un tema merecente dunha maior atención crítica.

CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN